



CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005
servizos.sociais@tordoia.gal

BANDO

Don **AMADEO CANCELA FARIÑA**, alcalde
do Concello de **TORDOIA** (A Coruña)

FAI SABER

Que pola Orde do 25 de marzo de 2019 se regula a oferta de prazas para as estadias e o tratamento termal dentro do programa de Benestar en balnearios 2019 e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 64 do 2/4/2019). **BS607A**

Obxecto: Convocar un total de 700 prazas para para as estadias e o tratamento termal dentro do programa de Benestar en balnearios 2019. En cada solicitude só se poderá relacionar un máximo de 3 destinos por orde de prioridade.

Persoas beneficiarias: requisitos

1. Ser maior de 60 anos, ou de 55 e reunir a condición de pensionista do sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
2. Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa, agás no caso de fillos/as que acudan en calidade de acompañantes.
3. Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
4. Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.
5. Acadar, de conformidade co baremo, a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

Acompañantes: A persoa solicitante poderá ir acompañada de: O seu ou a súa cónxuxe ou, se fose o caso, a parella de feito ou persoa coa cal teña unha unión estable e de convivencia con análoga relación á conxugal, un fillo ou filla que teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, ou unha persoa coa cal desexe participar no programa, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos.

Duración e servizos ofertados: As quendas teñen una duración de 10 días (nove noites) cada unha, realizaranse en réxime de pensión completa e comprenderán desde as 12.00 h. do día de chegada ata as 12.00 h. do día de saída, e desenvolveranse entre o mes de maio e o de outubro de 2019. Servizos: aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en cuartos dobres de uso compartido cos tratamentos termais coas indicacións terapéuticas que figuren para cada balneario.

Prazo presentación de solicitudes: ata o 2 de maio de 2019

Presentación de solicitudes e máis información: Servizos Sociais comunitarios.

Tordoia 2 de abril de 2019

O alcalde

